

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

FONDO GALEGO DE GARANTÍA AGRARIA

RESOLUCIÓN do 30 de decembro de 2011 pola que se regula o procedemento para a concesión das axudas para a subministración de leite e determinados produtos lácteos aos/ás alumnos/as de centros escolares e se convocan para o ano 2012.

O Regulamento (CE) n.º 1234/2007 do Consello, do 22 de outubro, crea unha organización común de mercados agrícolas e establece disposicións específicas para determinados produtos agrícolas (Regulamento único para as OCM), no seu artigo 102.3 prevé unha axuda comunitaria para a subministración aos/ás alumnos/as de centros escolares de determinados produtos lácteos transformados.

O Regulamento (CE) n.º 657/2008 da Comisión, do 10 de xullo, modificado polo Regulamento (CE) n.º 966/2009 da Comisión, do 15 de outubro, establece as disposicións de aplicación do antedito regulamento, no que atinxe á concesión dunha axuda comunitaria para a subministración de leite e de determinados produtos lácteos aos/ás alumnos/as de centros escolares.

A regulación da axuda recollida nesta resolución desenvolve a normativa básica estatal actualmente contida no Real decreto 487/2010, do 23 de abril, que derroga expresamente o Real decreto 194/2002, e establece as modalidades de aplicación da axuda á subministración de leite e produtos lácteos aos alumnos de centros escolares.

Esta resolución regula na súa sección 1.^a as bases reguladoras para a tramitación e concesión das axudas para a subministración aos/ás alumnos/as de centros escolares de leite e determinados produtos lácteos e na súa sección 2.^a, a convocatoria das axudas para o ano 2012.

Ademais, ten en conta o procedemento para a tramitación e concesión de axudas nesta comunidade autónoma, de conformidade co previsto na Lei 9/2007, do 13 de xuño (DOG número 121, do 25 de xuño) de subvencións de Galicia así como, no que resulta de aplicación, a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e o Decreto 132/2006, do 27 de xullo, que regula os rexistros públicos de axudas, subvencións e convenios e de sancións administrativas, creados en virtude dos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.

Segundo a Lei 7/1994, do 29 de decembro, de creación do Fondo Galego de Garantía Agraria –Fogga– (denominado así en virtude da disposición adicional quinta da Lei 7/2002, do 27 de decembro, de medidas fiscais e de réxime administrativo –DOG número 251, do 30 de decembro–), o Decreto 128/1996, do 14 de marzo, que a desenvolve, e o Decreto 318/2009, do 4 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural e do Fondo Galego de Garantía Agraria, correspóndelle o dito organismo, entre outras funcións, a execución da política da consellería en relación coas accións derivadas da aplicación da política agrícola común (PAC) e a concesión de axudas para o funcionamento das distintas organizacións comúns de mercados na Comunidade Autónoma de Galicia.

En consecuencia, de conformidade co previsto no artigo 30.1.3 do Estatuto de Autonomía de Galicia, en aplicación da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no uso das facultades previstas no artigo 2 da devandita Lei 7/1994,

DISPOÑO:

Artigo 1. *Obxecto.*

Esta resolución establece na súa sección 1.^a o procedemento para a concesión na Comunidade Autónoma de Galicia das axudas para a subministración aos/ás alumnos/as de centros escolares de leite e de produtos lácteos transformados recollidos no anexo I desta resolución, de conformidade co previsto no artigo 102.3 do Regulamento (CE) n.º 1234/2007 do Consello, do 22 de outubro, e no Regulamento (CE) n.º 657/2008 da Comisión, do 10 de xullo, así como no Real decreto 487/2010, do 23 de abril; e na sección 2.^a a convocatoria das ditas axudas para o ano 2012.

Sección 1.^a Bases reguladoras

Artigo 2. *Destinatarios/as.*

1. Serán destinatarios/as da axuda os/as alumnos/as que asistan regularmente aos centros ou establecementos escolares, recoñecidos polas autoridades competentes, que pertencen aos niveis de ensino:

a) Educación infantil, incluídas gardarías e outros establecementos de educación preescolar.

b) Educación primaria.

c) Educación secundaria, que comprenderá a educación secundaria obrigatoria, o bacharelato e a formación profesional de grao medio.

2. Os/as destinatarios/as gozarán da axuda unicamente durante os días lectivos de desenvolvemento do curso escolar. O número de días lectivos, sen engadir os días de vacacións, será o establecido na comunidade autónoma pola autoridade competente para cada nivel de ensino e tipo de centro, e no caso de centros de educación infantil poderá facerse extensiva aos días lectivos notificados polo centro escolar dos meses estivais.

Os/as alumnos/as non serán destinatarios da axuda durante a súa estada en colonias de vacacións, con carácter extraescolar ou fóra do período lectivo, organizadas polo centro escolar ou pola autoridade educativa.

3. A axuda concederáselle a un/unha solicitante autorizado/a conforme as disposicións do artigo 7, para a subministración dos produtos lácteos previstos no anexo I.

Artigo 3. *Produtos lácteos que se subvencionan e restricións.*

1. A axuda concederáse, exclusivamente, para os produtos lácteos a que se refire o anexo I, cando se consuman nas dependencias do establecemento escolar.

A concesión da axuda estará supeditada a que a vantaxe que representa repercuta directamente nos/nas alumnos/as dos establecementos escolares.

2. Para tal efecto, non se poderán utilizar os produtos obxecto de subvención na confección de comidas, salvo que non requiran un tratamento térmico e a utilización se realice nas instalacións do centro escolar.

Ademais, prohibese a utilización dos produtos obxecto de subvención no servizo de cafetería dos centros escolares, así como a subministración, nos devanditos centros a través de cátering, cociñas centrais, comedores colectivos, residencias de estudantes ou outros establecementos e sistemas semellantes.

3. Os produtos recollidos na lista do anexo I terán que cumprir os requisitos do Regulamento (CE) n.º 852/2004 e do Regulamento (CE) n.º 853/2004 e, en particular, os relativos á preparación nun establecemento autorizado así como os de marcación de identificación especificados na sección 1.ª do anexo II do Regulamento (CE) n.º 853/2004.

Artigo 4. Contía da axuda.

1. Os importes das axudas, por cada 100 quilos de produto de cada categoría serán os especificados no anexo VI.

2. Non obstante o anterior, no suposto de que a axuda sexa superior ao prezo de venda aplicado polo/pola provedor/a con anterioridade á dedución da axuda, esta minorarase, de xeito que se garanta que non supere o prezo do produto en cuestión.

3. No caso de que as cantidades de produtos subministrados se expresen en litros, a súa conversión en quilogramos efectuarase mediante a aplicación dun coeficiente de 1,03.

4. Coa finalidade de que a axuda repercuta directamente nos/nas alumnos/as dos establecementos escolares, a respectiva resolución de convocatoria das axudas fixará no caso de que varíe nese curso escolar, o prezo máximo que deberá pagar o/a alumno/a para os diferentes produtos que se subvencionan, de acordo co custo medio da materia prima e as modificacións que, se é o caso, se produzan na contía da axuda.

Artigo 5. Cantidade máxima que se subvenciona.

1. A axuda concederase pola cantidade máxima global de 0,25 litros de equivalente de leite por alumno/a e día lectivo.

Para a aplicación da cantidade máxima indicada no parágrafo anterior teranse en conta o número de días lectivos e o número de alumnos/as matriculados/a durante o período comprendido por unha solicitude de pagamento, e tendo en conta o coeficiente mencionado no número 3 do artigo 4 desta resolución.

2. No caso dos produtos das categorías II, III e V previstas no anexo I, o cálculo sinalado no número anterior efectuarase con base nas seguintes equivalencias:

- a) 100 kg de produto da categoría II equivalen a 90 kg de leite.
- b) 100 kg de produto da categoría III equivalen a 300 kg de leite.
- c) 100 kg de produto da categoría V equivalen a 765 kg de leite.

Artigo 6. Solicitantes da axuda.

1. Poderán solicitar a axuda:

- a) O centro escolar.

b) Unha autoridade educativa para os/as alumnos/as que teña baixo a súa xurisdición.

c) O provedor dos produtos.

d) Unha organización que actúe en nome dun ou máis centros escolares e que estea constituída especificamente para tal fin.

2. Será beneficiario/a da axuda un/unha solicitante autorizado/a conforme as disposicións do artigo 7, para a subministración dos produtos lácteos recollidos no anexo I desta resolución.

3. Non terán a condición de beneficiarios/as os/as que fosen sancionados/as por infraccións cometidas no ámbito material desta liña de axuda de acordo co establecido no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

4. Para os efectos de xustificar o cumprimento das obrigas do artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, os/as solicitantes presentarán unha declaración xurada segundo o modelo de anexo IIID.

Artigo 7. Autorización como solicitante de axuda de leite para escolares.

1. Os/as solicitantes de axudas que pretendan subministrar produtos lácteos a centros escolares situados en distintas comunidades autónomas, deberán ser autorizados/as pola comunidade autónoma onde radique a sede social do/a solicitante. Para tal efecto, presentarán a súa solicitude conforme os prazos, modelos e períodos de validez establecidos por elas.

2. Os/as solicitantes de axudas que teñan a súa sede social en Galicia e que pretendan subministrar produtos lácteos por primeira vez a centros escolares situados na Comunidade Autónoma de Galicia, deberán ser autorizados/as polo director do Fondo Galego de Garantía Agraria (Fogga). Os/as que xa obtivesen a autorización en anos anteriores deberán solicitar a validación. En ambos os casos presentarán o anexo II desta resolución antes do 31 de xullo de cada ano nun rexistro xurídico público dos previstos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, asumindo os compromisos que figuran no dito anexo. Así mesmo, poderase presentar por vía telemática no enderezo web: <https://sede.xunta.es>

2.1. Para o caso de que a subministración se realice por primeira vez, xunto coa presentación do dito anexo II, o/a provedor/a dos produtos achegará a seguinte documentación:

a) Memoria técnica de todas as instalacións de produción e distribución, se é o caso, e/ou almacenamento.

- b) Certificado da inscrición no Rexistro Xeral Sanitario de Alimentos.
- c) Copia compulsada da escritura de constitución da sociedade e das súas modificacións.
- d) Documento oficial que acredite suficientemente a representación do/a solicitante.
- e) Certificado do rexistro oficial correspondente de todos os asentos.
- f) Fotocopia do DNI do/a solicitante e do NIF do/a provedor/a. A fotocopia do DNI unicamente se presentará no caso de non autorizar o órgano xestor para a verificación electrónica dos datos de carácter persoal que figuran no documento de identidade de quen teña a condición de interesado/a, tal e como establece o artigo 2 do Decreto 255/2008, do 23 de outubro, polo que se simplifica a documentación para a tramitación dos procedementos administrativos e se fomenta a utilización de medios electrónicos.

No caso de que o/a solicitante da axuda non sexa un/unha provedor/a, só deberá presentar a memoria das instalacións para a conservación e almacenaxe do leite e dos produtos lácteos que se van subministrar.

2.2. De producirense cambios na documentación referida no número anterior, o/a solicitante terá a obriga de comunicalo no prazo dun mes desde que estes se producisen.

2.3. Á vista da solicitude e documentación presentadas, o director do Fogga resolverá no prazo de tres meses desde a súa presentación, entendéndose estimadas por silencio positivo aquelas que non sexan resoltas e notificadas no devandito prazo.

2.4. A autorización poderá ser suspendida, por un período de un a doce meses, ou retirada, polo director do Fogga, en calquera momento, atendendo á gravidade da infracción, polo incumprimento dalgún dos compromisos asumidos polo/a solicitante autorizado/a ou pola existencia das irregularidades previstas no artigo 11 desta resolución, logo de ponderar as circunstancias que concorran en cada caso. No suposto de retirada, transcorrido un período mínimo de, polo menos, doce meses, poderá concederse unha nova autorización, por instancia do/a interesado/a, logo de valorar os antecedentes que motivaron a retirada da anterior.

3. As autorizacións concedidas de acordo cos puntos 1 e 2 deste artigo, terán validez en todo o territorio nacional e publicaranse vía internet a través da páxina web do Fega.

Artigo 8. Inicio da subministración a centros escolares.

1. Os/as solicitantes autorizados/as de acordo co establecido no artigo 7 comunicarán no servizo territorial do Fogga onde radiquen os centros escolares correspondentes o inicio da subministración segundo o modelo de anexo III, xunto cunha relación en que figuren os datos correspondentes ao/os centro/s escolar/es, axustada ao modelo de anexo IIIC, acompañada da aceptación de compromisos e da certificación de datos de cada centro e da declaración xurada de acordo cos anexos IIIA, IIIB e IIID. Esta comunicación poderá facerse tamén por vía telemática no enderezo web: <https://sede.xunta.es>

2. No prazo de quince días desde a dita comunicación, o servizo territorial correspondente do Fogga, á vista da documentación achegada, validará expresamente o inicio da subministración con efectos do día seguinte ao da comunicación do seu inicio.

No caso de non validarse expresamente entenderase que se incumpren os requisitos exixidos, polo que o/a solicitante autorizado/a perderá o dereito ao pagamento da axuda.

3. Os datos relativos á matrícula e número de alumnos/as que figuran no certificado de datos do centro, poderanse incorporar posteriormente, pero en todo caso antes da solicitude do primeiro pagamento.

Artigo 9. Condicións xerais para o pagamento da axuda.

1. Os/as solicitantes autorizados/as solicitarán o pagamento da axuda conforme os modelos previstos nos anexos IV e V desta resolución, ante os servizos territoriais do Fogga, ou por calquera dos modos previstos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro. Poderán facer tamén a solicitude por vía telemática no enderezo web: <https://sede.xunta.es>

2. A periodicidade da solicitude de pagamento será mensual e abranguerá o período de subministración dun mes.

3. O prazo de presentación das solicitudes rematará o último día do terceiro mes seguinte ao da subministración dos produtos. Non obstante, admitiranse as solicitudes presentadas no cuarto e quinto mes seguinte, reducíndose o seu importe nun 5% se o atraso é igual ou inferior a un mes, e nun 10% se é superior a un mes pero inferior a dous.

4. Conforme o previsto no artigo 20.3.º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a presentación da solicitude de concesión de subvención polo/a interesado/a comportará a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deban emitir

a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a consellería competente en materia de economía e facenda da Xunta de Galicia, salvo que o/a solicitante denegue expresamente o consentimento, debendo presentar entón a certificación nos termos previstos regulamentariamente.

5. Coas solicitudes de pagamento da axuda achegaranse:

– As correspondentes facturas (orixinal ou copia compulsada), que reflectirán, por separado, o custo total de cada produto subvencionado (base imponible máis IVE) e o importe da axuda, así como unha proba do seu pagamento.

– O certificado ou recibo do centro escolar das cantidades efectivamente subministradas.

– O certificado do centro escolar do número de alumnos/as matriculados/as por nivel de ensino, número de alumnos/as participantes na liña de axuda e días lectivos referidos ao período da solicitude de pagamento.

– As certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a consellería competente en materia de economía e facenda da Xunta de Galicia, cando o/a solicitante denegue expresamente o consentimento segundo establece o punto 4 deste artigo.

Artigo 10. *Controis.*

O Fogga establecerá un plan de controis por período comprendido entre o 1 de agosto e o 31 de xullo co obxecto de garantir o cumprimento da normativa aplicable a esta liña de axuda, de acordo co establecido no artigo 15 do Regulamento (CE) n.º 657/2008.

Para tal efecto realizaranse dous tipos de controis:

- a) Control administrativo.
- b) Control sobre o terreo.

O control administrativo será de aplicación a todas as solicitudes de axuda, e comprobará:

1. Que a cantidade pola que solicita a axuda é acorde co número de alumnos/as e os días lectivos.
2. Que os prezos non superan o máximo autorizado.

3. Que as facturas conteñen a información requirida, e están canceladas ou acompañadas de proba de pagamento.

4. Que a axuda solicitada está correctamente calculada.

5. Que os produtos subvencionados son os incluídos no anexo I.

Os controis sobre o terreo realizaranse nas instalacións do/a solicitante da axuda, así como nos centros escolares co obxecto de comprobar:

1. Que a repercusión da axuda recae no destinatario/a.

2. Que os produtos subvencionados son os previstos no anexo I.

3. As condicións que debe reunir o/a solicitante da axuda.

4. Rexistros específicos de subministración detallados por produto e centro.

5. Rexistros de contabilidade financeira.

6. No caso de centro escolar:

a) Comprobar a colocación do cartel sobre distribución europea de leite en centros escolares.

b) Datos referidos ao centro (matrícula, comedor, procedemento de distribución).

Estes controis abrangerán polo menos un 5% dos/as solicitantes. Cando o número de solicitantes é inferior a 100 o control realizarase nas instalacións de cinco solicitantes, se o número é inferior a cinco someterase ao control o 100% de solicitantes.

Nos casos en que o/a solicitante non sexa un centro escolar o control sobre o terreo verase complementado por controis sobre o terreo realizados nas instalacións do 1% dos centros escolares mencionados na lista do/a solicitante cun mínimo de dous.

Os controis levaranse a cabo ao longo do período comprendido entre o 1 de agosto e o 31 de xullo e abrangerán un período correspondente polo menos aos 12 meses anteriores.

Os controis serán realizados por persoal do Fogga debidamente autorizado que elaborará de cada control un informe en que se precisarán os distintos elementos controlados.

Sen prexuízo do disposto no artigo 7, en caso de fraude o/a solicitante ademais da devolución dos importes pagados indebidamente, de conformidade co artigo 14 pagará un importe equivalente á diferenza entre o importe pagado inicialmente e o importe ao que o solicitante ten dereito.

Artigo 11. *Irregularidades.*

1. A existencia de irregularidades na calidade dos produtos subministrados, se é o caso, ou distribución incorrecta a todos os/as alumnos/as participantes (lugar, horario, forma, distribuidor e produto); ou a utilización dos produtos durante a estadía dos/as alumnos/as en colonias de vacacións, o incumprimento dos prezos máximos vixentes, a superación das cantidades máximas de consumo por alumno/a e día lectivo, os erros cometidos na facturación e/ou na contabilidade, a falsidade de datos, a desviación dos produtos do seu destino e, en xeral, calquera impedimento, total ou parcial, para que a axuda repercuta directamente en beneficio dos/as alumnos/as, poderá implicar a suspensión ou retirada da autorización ou, se é o caso, a proposta de suspensión ou retirada, de acordo co previsto no punto 2.4 do artigo 7 desta resolución, sen prexuízo das responsabilidades de calquera tipo nas que puidesen incorrer os/as responsables do centro escolar, a ANPA e o/a provedor/a.

2. Sen prexuízo do anterior, a existencia de calquera irregularidade na execución na liña de axuda de leite escolar previsto nesta resolución poderá dar lugar á denegación ou minoración da axuda solicitada.

3. As medidas previstas nos dous números anteriores non se aplicarán nos supostos de forza maior, así como nos casos en que se determine que as irregularidades non se cometeron deliberadamente ou por negligencia, sen prexuízo dos apercibimentos e inspeccións que correspondan.

Artigo 12. *Tramitación e resolución das solicitudes de axuda.*

1. Efectuados os controis pertinentes, os servizos territoriais do Fogga elevarán a oportuna proposta, a través da xefatura territorial, ao director do Fogga, sobre as solicitudes de pagamento presentadas, para que este dite a correspondente resolución.

2. O prazo máximo de resolución e pagamento das axudas será de tres meses desde que a solicitude de axuda entrou no servizo territorial do Fogga.

3. A falta de resolución expresa no prazo anterior, as solicitudes presentadas entenderanse desestimadas por silencio administrativo.

Artigo 13. *Modificación da resolución de concesión.*

1. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión das axudas previstas nesta resolución e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

2. O importe da axuda concedida non poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concurrencia con outras subvencións ou axudas, supere o custo dos produtos obxecto de subvención.

Artigo 14. *Reintegro da axuda.*

Procederá reintegro, total ou parcial, do importe da axuda e mais os xuros de mora producidos desde a notificación da obriga de reembolso segundo o establecido no artigo 15.9.º do Regulamento (CE) n.º 657/2008 da Comisión, do 10 de xullo, no suposto de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión e, en todo caso, nos supostos previstos na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Artigo 15. *Recursos administrativos.*

1. Contra as resolucións ditadas en aplicación desta resolución polo director do Fogga poderase interpoñer un recurso de alzada ante o presidente do dito organismo, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa notificación, de conformidade co disposto nos artigos 107, 114 e 115 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

2. Se a resolución non fose expresa, o prazo será de tres meses, contados a partir do día seguinte a aquel en que se produzan os efectos do silencio administrativo.

Artigo 16. *Obriga de facilitar información.*

Ademais da documentación complementaria que, durante a tramitación do procedemento lle poidan exixir os órganos correspondentes do Fogga, os/as beneficiarios/as da liña de axuda de leite escolar teñen a obriga de facilitar toda a información que lles sexa requirida polos órganos dependentes do organismo pagador, pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, polo Tribunal de Contas e polo Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas públicas, así como a que lle sexa solicitada por calquera órgano comunitario de inspección ou control.

Artigo 17. *Publicidade sobre a distribución de leite e produtos lácteos nos centros escolares.*

Os centros escolares que distribúan leite e produtos lácteos de acordo con esta resolución elaborarán un cartel que se axuste aos requisitos mínimos establecidos no Regulamento (CE) n.º 657/2008 e que se reflicten no anexo VIII desta resolución e que estará exposto permanentemente na entrada principal dos centros nun lugar onde se poida ver e ler claramente.

Sección 2.ª Convocatoria para o ano 2012 das axudas para a subministración de leite e produtos lácteos aos/ás alumnos/as de centros escolares

Artigo 18. *Condicións e finalidade.*

As axudas que mediante esta resolución se convocan para o ano 2012 concederanse pola subministración, a través dun/dunha solicitante autorizado/a, dos produtos lácteos transformados sinalados no anexo I desta resolución, aos/ás alumnos/as que asistan regularmente aos centros escolares, de conformidade co previsto nos artigos 2 e 3 da sección 1.ª da antedita resolución pola que se establecen as bases reguladoras desta axuda.

Artigo 19. *Autorización como subministrador/a de produtos subvencionados.*

1. Os/as solicitantes que pretendan subministrar a centros de diferentes comunidades autónomas, serán autorizados/as polo órgano competente da comunidade autónoma onde radique a sede social do/a solicitante nos termos establecidos no artigo 7.1 desta resolución.

2. Os/as solicitantes cuxa sede social radique na Comunidade Autónoma de Galicia e queiran subministrar leite e produtos lácteos aos centros escolares situados nesta comunidade autónoma deberán solicitalo ao Fondo Galego de Garantía Agraria, segundo o modelo que figura no anexo II desta resolución antes do 31 de xullo de 2012, ao abeiro do disposto no artigo 7.2 desta resolución.

2.1. Para o caso de que a subministración se realice por primeira vez, xunto coa presentación do dito anexo II, os/as solicitantes deberán xuntar a documentación referida no punto 2.1 do artigo 7 desta resolución.

Artigo 20. Inicio da subministración.

Os/as solicitantes autorizados/as comunicarán o inicio da subministración de produtos lácteos a centros escolares e asumirán os correspondentes compromisos, segundo o disposto no artigo 8 desta resolución.

Artigo 21. Solicitudes de pagamento.

As solicitudes de pagamento presentaranse na forma e prazo dispostos no artigo 9 desta resolución, e nos servizos territoriais do Fogga, ou por calquera dos modos previstos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

Artigo 22. Prezos máximos.

De conformidade co establecido no artigo 4.4 desta resolución, o prezo máximo que deberá pagar o/a alumno/a para os diferentes produtos que se subvencionan será o indicado no anexo VII desta resolución.

Artigo 23. Financiamento.

1. Esta convocatoria tramítase de acordo co previsto na Orde da Consellería de Economía e Facenda do 11 de febreiro de 1998 de tramitación anticipada de expedientes de gasto. O seu financiamento efectuarase con cargo á aplicación orzamentaria 13.90.713F.779.0, do proxecto do orzamento de gastos do Fogga para 2012, por importe de 300.000 euros.

2. En todo caso, a concesión das axudas condicionarase á existencia, de crédito adecuado e suficiente e limitarase ás dispoñibilidades orzamentarias, debendo procederse á tramitación do oportuno expediente de xeración e ampliación de crédito, no caso de que a cantidade inicialmente consignada non resulte suficiente.

Disposición adicional primeira.

Sen prexuízo do previsto no artigo 11 desta resolución, seralles de aplicación aos/as beneficiarios/as das axudas reguladas nesta resolución o réxime de infraccións e sancións en materia de subvencións previsto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Disposición adicional segunda.

A concesión e pagamento das axudas á subministración de leite e produtos lácteos prevista nesta resolución que se teñan que efectuar no exercicio seguinte realizaranse con

cargo ao orzamento de gastos do Fogga dese exercicio na aplicación orzamentaria sinalada no artigo 23 desta resolución.

Disposición adicional terceira.

